

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

14456 Orde PCM/917/2021, do 1 de setembro, pola que se regula o procedemento para o pagamento no exterior e o pagamento en divisas das obrigacións da Administración xeral do Estado.

O artigo 18.2 da Lei 21/1993, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1994, derroga a Lei do 31 de decembro de 1941, sobre pagamentos no estranxeiro e reguladora das relacións do Tesouro co Instituto Español de Moeda Estranxeira, e establece que corresponde ao entón ministro de Economía e Facenda regular, de acordo coa normativa xeral orzamentaria, os procedementos especiais para a tramitación e execución das ordes de pagamento no exterior, así como as operacións de tesouraría que se realicen como consecuencia dos ditos procedementos.

A Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 6 de febreiro de 1995, sobre ordenación do pagamento e pagamento material en divisas, desenvolveu este precepto. Non obstante, dado o tempo transcorrido desde a súa aprobación, así como os cambios producidos pola normativa aplicable á Zona Única de Pagamentos en Euros, coñecida baixo o acrónimo SEPA (*Single Euro Payments Area*) e recollida no Regulamento (UE) n.º 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os débitos domiciliados en euros, e se modifica o Regulamento (CE) n.º 924/2009, resulta conveniente redefinir o ámbito de aplicación dos procedementos actuais de cara a adaptalos á nova realidade e a adecuar a normativa vixente reguladora destes pagamentos a ela.

Esta orde regula o procedemento para os pagamentos no exterior e os pagamentos en divisas que deba efectuar a Administración xeral do Estado.

Ademais, contén unha disposición adicional primeira que regula o pagamento de determinadas prestacións económicas no exterior, así como unha disposición derradeira primeira pola que se modifica a Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado, para reflectir a nova denominación desta orde.

Esta orde é respectuosa cos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A norma contén as disposicións necesarias para ser efectiva e non vai máis aló dos elementos necesarios para garantir a eficiencia e eficacia no pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado no exterior e en divisas. Polo tanto, actúa con proporcionalidade.

A norma é de ámbito interno así que non impón obrigacións aos cidadáns. A norma non é restritiva de dereitos nin impón obrigacións aos cidadáns, e tan só impón obrigacións aos órganos da Administración xeral do Estado.

O interese xeral que se persegue é a actualización na regulación dos procedementos para realizar os pagamentos no exterior e pagamentos en divisas que deba efectuar a Administración xeral do Estado.

Ademais, respecta o principio de seguridade xurídica xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico, e cumpre co principio de transparencia ao teren sido consultados todos os órganos implicados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e da ministra de Facenda e Función Pública, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde regula os procedementos para realizar os pagamentos no exterior e pagamentos en divisas que deba efectuar a Administración xeral do Estado.

Enténdese por pagamentos no exterior os pagamentos realizados fóra de España, tanto na Zona Única de Pagamentos en Euros, coñecida baixo o acrónimo SEPA (*Single Euro Payments Area*), como fóra dela, xa sexan en euros ou en divisas.

Tamén se consideran pagamentos no exterior, para efectos da súa tramitación, os pagamentos que derivan dun dereito de cobramento único pero que se realizan a dúas contas diferentes, unha aberta en España e outra no exterior.

2. Non será de aplicación esta orde ás obrigacións derivadas de xuros e amortizacións de débedas no exterior ou en divisas en España creadas ou asumidas polo Estado, que se rexerán, en canto á súa ordenación de pagamento e pagamento material, pola normativa que regule o procedemento que hai que seguir nas distintas operacións que afectan a débeda do Estado.

Artigo 2. Normativa aplicable.

Os pagamentos no exterior e os pagamentos en divisas de obrigacións contraídas en euros ou en divisas seguirán a tramitación disposta na Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado, coas especialidades contidas nesta orde e nas súas disposicións de execución e desenvolvemento.

Artigo 3. Procedemento para o pagamento no exterior e para o pagamento en divisas de obrigacións contraídas en euros.

1. Recibida a proposta de pagamento do centro xestor, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ordenará o seu pagamento á conta do Caixeiro de pagamentos no exterior e pagamentos en divisas aberta no Banco de España para estes efectos.

2. O Caixeiro de pagamentos no exterior e pagamentos en divisas xerará o correspondente ficheiro de ordes de transferencia e enviarao ao Banco de España, que efectuará o pagamento na conta sinalada polo interesado.

Artigo 4. Procedemento para o pagamento no exterior e para o pagamento en divisas de obrigacións contraídas en divisas.

1. O centro xestor do gasto valorará a obrigación en euros ao último tipo de cambio vendedor do Banco de España publicado no «Boletín Oficial del Estado» o día en que se formula a proposta ao órgano competente para recoñecer a obrigación ou a proposta de pagamento, na forma que estableza a normativa recollida na disposición derradeira segunda.

2. Recibida a proposta de pagamento do centro xestor, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ordenará o pagamento á conta do Caixeiro de pagamentos no exterior e pagamentos en divisas, aberta no Banco de España para estes efectos.

3. O Caixeiro de pagamentos no exterior e pagamentos en divisas xerará o correspondente ficheiro de ordes de transferencia e enviarao ao Banco de España, que efectuará o pagamento do importe na divisa na conta sinalada polo interesado. O dito pagamento efectuarase cargando á conta do Caixeiro de pagamentos no exterior e pagamentos en divisas aberta no Banco de España, para estes efectos, polo contravalor de euros equivalente á cantidade de divisas pola que se contraeu a obrigación. O tipo de cambio aplicado será o oficial publicado polo Banco Central Europeo correspondente ao

terceiro día hábil anterior á data de valor da orde de transferencia emitida polo Banco de España, de acordo coa carta de desenvolvemento do servizo de tesouraría das contas incluídas no ámbito de aplicación do Acordo entre o Tesouro e o Banco de España do 26 de abril de 2019.

4. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira emitirá os documentos contables correspondentes ás diferenzas de cambio xeradas, aplicando tales diferenzas ao correspondente crédito no orzamento de gastos deste centro directivo ou, se for o caso, ao orzamento de ingresos.

Artigo 5. *Información sobre os pagamentos realizados.*

O Banco de España comunicará á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a información sobre os pagamentos efectuados nos termos establecidos no Acordo entre o Tesouro e o Banco de España do 26 de abril de 2019.

Artigo 6. *Reintegros ao Tesouro público.*

1. Serán reintegrados ao Tesouro público os fondos non utilizados procedentes de libramentos a xustificar no exterior regulados no artigo 7 do Real decreto 938/2005, do 29 de xullo, polo que se ditan normas sobre o seguimento e aplicación contable dos fondos dispoñibles nos servizos do exterior, así como no punto cuarto da Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado, do 23 de marzo de 2006, para a aplicación do dito real decreto.

2. Os reintegros por pagamentos indebidos efectuados en divisas acordaranse na mesma moeda en que se efectuou o pagamento e aplicarase o importe íntegro do reintegro ao correspondente concepto do orzamento de ingresos.

Disposición adicional primeira. *Prestacións económicas no exterior.*

1. As prestacións económicas no exterior, tanto as prestacións por anciandade e por incapacidade absoluta para todo tipo de traballo establecidas no Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados, como as establecidas de acordo coa Lei 3/2005, do 18 de marzo, pola que se recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional, faranse efectivas a través do sistema de pagamentos en firme mediante transferencia bancaria.

2. O pagamento destas prestacións realizarase a través da Caixa Pagadora da Secretaría de Estado de Migracións como axente mediador do pagamento, que actuará como intermediaria para a súa posterior entrega aos beneficiarios, de conformidade co establecido no artigo 75.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

No que non se regule nesta disposición adicional, aplicaranse supletoriamente as normas que, sobre caixas pagadoras e control, se recollen no Real decreto 640/1987, do 8 de maio, sobre pagamentos librados «a xustificar».

3. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá autorizar a apertura, fóra do Banco de España, dunha conta de situación de fondos do Tesouro Público en entidade de crédito, logo dos trámites establecidos no artigo 109.1 da citada Lei xeral orzamentaria.

4. Excepcionalmente, cando a Dirección Xeral de Migracións acredite a imposibilidade para realizar o pagamento mediante transferencia bancaria, poderase efectuar por cheque nominativo ou por portelo. A caixa pagadora cursará a orde de pagamento, se for o caso, á entidade bancaria adxudicatária do correspondente contrato de servizos bancarios. A Dirección Xeral de Migracións determinará, ao menos con carácter anual, os países en que, excepcionalmente, os interesados poden optar por estes medios de pagamento.

A entrega do cheque ao beneficiario poderá realizarse a través das consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social ou, na súa falta, dos consulados, seccións consulares ou calquera outra entidade acreditada para o efecto, logo de sinatura do interesado ou autorizado. Cando non se poida facer entrega destes cheques, deberán ser devoltos á caixa pagadora para o seu ingreso en conta.

No caso do pagamento por portelo, o pagamento realizarase a través dunha entidade financeira local que actuará no marco do mencionado contrato de servizos bancarios, logo de sinatura do recibo por parte do interesado ou autorizado, e a entidade pagadora responsabilizarase de identificalo.

Para a utilización deste sistema de pagamento por portelo será obrigatorio establecer cláusulas contractuais polas que a entidade adjudicataria se responsabilice do pagamento indebido de prestacións por non cumprir, ela mesma ou aquelas entidades colaboradoras que lle presten o servizo, coas obrigacións de identificación que determine o órgano de contratación.

5. O importe das prestacións non aboadas aos beneficiarios, calquera que sexa o medio de pagamento utilizado, deberá ser retrocedido e aboadado na conta da caixa pagadora.

Disposición adicional segunda. *Regulación para organismos autónomos.*

As normas e criterios contidos nesta orde serán de aplicación aos organismos autónomos do Estado para o pagamento das obrigacións ao seu cargo, adecuando a súa realización á súa propia estrutura administrativa e organización contable e aspectos procedementais, de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación. Non obstante, os pagamentos en euros a países da zona SEPA poderán realizarse polo procedemento ordinario de pagamentos recollido na Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 6 de febreiro de 1995, sobre ordenación do pagamento e pagamento material en divisas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado.*

O número 3 do artigo primeiro da Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado, queda redactado nos seguintes termos:

«3. A ordenación e pagamento material dos pagamentos no exterior e dos pagamentos en divisas das obrigacións contraídas en euros ou en divisas seguirán os mesmos procedementos dispostos nesta orde, sen outras especialidades que as contidas na Orde PCM/917/2021, do 1 de setembro, pola que se regula o procedemento para o pagamento no exterior e o pagamento en divisas das obrigacións da Administración xeral do Estado, e nas disposicións que a desenvolvan.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e a Intervención Xeral da Administración do Estado desenvolverán, conxuntamente, as disposicións para a aplicación e execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de setembro de 2021.–O ministro da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, Félix Bolaños García.